

## A publicación científica 'IEEE Access' nomea editor asociado ao investigador do CiTIUS Tomás Fernández Pena

mércores, 21 agosto, 2019 - 08:52

*O IEEE reconece por segunda vez ao investigador adscrito ao centro como editor asociado dunha das súas revistas, tras nomealo editor de ' Transactions on Computers ' a finais de 2016.*



Investigador do CiTIUS, profesor titular no Departamento de Electrónica e Computación da USC e, dende agora, editor asociado de dúas revistas científicas de alcance mundial. 'IEEE Access', a revista *open access* do *Instituto de Enxeñería Eléctrica e Electrónica (Institute of Electrical and Electronics Engineers)* nomea a Tomás Fernández Pena como novo editor asociado.

O científico adscrito ao centro suma así un novo cargo neste organismo internacional con sede en Nova York, co que xa colabora desde 2016 tralo seu **nomeamento inicial como editor da revista 'Transactions on Computers.'**

A publicación, cun índice de impacto de 4.098 no último JCR (*Journal Citation Reports*) está incluída no primeiro cuartil de revistas indexadas en tres categorías: "*Computer science, Information systems*", *Engineering, Electrical & Electronic Telecommunications*.

Ademais das tarefas regulares que lle serán encomendadas como novo editor, o traballo de **Tomás F. Pena** na nova revista consistirá tamén en propoñer cada ano ata un máximo de tres «seccións especiais», que deberán estar centradas nalgunha temática concreta e contar cun grupo de editores convidados de diferentes países. O novo editor asociado de *IEEE Access*, que non ocultaba a súa satisfacción polo nomeamento, aludía a estas *Special Sections* lanzando unha luva aos seus colegas de centro: «se alguén do CiTIUS achega algunha proposta, sería estupendo».